

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/31	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria-Urxente
Data	29 de setembro de 2023
Duración	Dende as 13:30 ata as 13:45 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ
Paula María Fernández Pena	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Ratificación da urxencia da convocatoria	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

Expediente 1650/2022. "MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA BANDEIRA".

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe redactado polo arquitecto municipal Don Lino Doporto Framil, con data 24 de agosto de 2023, no que advirte dunha serie de erros aritméticos no Proxecto e certificacións das obras que rexe o contrato administrativo de "MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA BANDEIRA".

Con rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-1194, de data 28 de setembro de 2023, a redactora do Proxecto e Directora de obra, Dona Natalia Campos Ferro, Arquitecta Colexiada 1382 COAG, presenta a aclaración dos erros manifestados no informe mencionado.

Polo exposto, ponse en coñecemento desta Xunta de Goberno Local a antedita aclaración presentada pola redactora do Proxecto e Directora de obra, Dona Natalia Campos Ferro, para que xurda os efectos oportunos.

Expediente 986/2023. Licenza ou Autorización Urbanística. INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN VIVENDA UNIFAMILIAR.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).

ANTECEDENTES:

1º.-Consta no expediente 986/2023 de este Concello, autorización de Don **RAMÓN IGLESIAS RODRÍGUEZ**, titular do Documento Nacional de Identidade ***8035***, a Don Javier López Taboada, titular do Documento Nacional de Identidade ***8877***, para a representación nos trámites referentes á **solicitud de licenza urbanística** para a **INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN VIVENDA UNIFAMILIAR** sita no Lg. De Igrexa nº 4, Parroquia de Rellas, Concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral A10200500NH52H0001GD).

2º.- Consta no expediente “ANTEPROYECTO PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN VIVIENDA UNIFAMILIAR”, asinado polos Arquitectos, Adolfo Viéitez Vázquez e Ramón Vieites Castiñeiras, colexiados nº 3.434 e nº 3.091, respectivamente (Rexistro de Entrada neste Concello nº 2023-E-RE-688).

3º.- Con data 15 de xuño de 2023 a Arquitecta técnica da Deputación de Pontevedra, Verónica Chaves González, emite informe no que pon de manifesto unha serie de deficiencias que deberán ser corrixidas. As conclusións do informe da Arquitecta técnica transcríbese a continuación:

CONCLUSIÓN:

Unha vez analizada a documentación achegada, constátanse unha serie de carencias e deficiencias que non permiten discernir a viabilidade do proxectado. Polo que, se deberá requirir a interesada, nos termos do art. 354 do RLSG, a emenda e presentación da seguinte documentación:

- 1.- A presente solicitude de licenza de obras debe vir acompañada do correspondente proxecto técnico completo, co contido mínimo que se esixe regulamentariamente: proxecto, cando menos, en calidade de “proxecto básico” de conformidade co establecido no artigo 143.3 LSG e anexo I da parte I do CTE, co contido mínimo establecido no anexo I do CTE e art. 355 do RLSG.*
- 2.- Xustificación normativa técnica aplicable: CTE-DB-SI, e afección condicións habitabilidade da vivenda (NHV-2010) tras a instalación proxectada.*
- 3.- As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos. (Art. 353.2.i) RLSG): A parcela atópase na zona de protección da estrada EP-6514 de titularidade provincial, polo que en virtude do artigo 47 Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, resulta necesario previa autorización por parte do organismo titular da vía, respecto das obras a executar.*

O que se informa aos efectos oportunos.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

*A arquitecta técnica
Verónica Chaves González”.*

5º.- O 15 de xuño de 2023, con rexistro de saída neste Concello nº 2023-S-RE-610, consta enviado o requirimento para emendar as eivas que presentaba a documentación.

6º.- Consta no expediente que o 09 de setembro de 2023, con rexistro de entrada nº 2023-E-RE-1103 neste Concello, achegouse a seguinte documentación:

- Autorización de Don **RAMÓN IGLESIAS RODRÍGUEZ**, titular do Documento Nacional de Identidade 76.780.352-G, a Don Javier López Taboada, titular do Documento Nacional de Identidade 44.088.776-F.

- "PROYECTO BÁSICO PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN VIVIENDA UNIFAMILIAR", asinado polos Arquitectos, Adolfo Viéitez Vázquez e Ramón Vieites Castiñeiras, colexiados nº 3.434 e nº 3.091, respectivamente.

- Autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra Expediente 2023043306, CSV G250JFEM9LZLXYB.

7º.- Consta no expediente que o 11 de setembro de 2023, con rexistro de entrada nº 2023-E-RE-1106 neste Concello, achegouse a seguinte documentación:

- Autorización de Don **RAMÓN IGLESIAS RODRÍGUEZ**, titular do Documento Nacional de Identidade 76.780.352-G, a Don Javier López Taboada, titular do Documento Nacional de Identidade 44.088.776-F.

-Planos baixo o nome "A_04 Modificado".

8º.- Consta **informe favorable** da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, asinado o 17/09/2023.

O informe favorable da arquitecta transcríbese a continuación:

EXPEDIENTE: 986/2023

ASUNTO: Instalación de ascensor en vivenda unifamiliar.

SITUACIÓN: Rúa da Igrexa 4, Rellas, Silleda - Pontevedra (Referencia catastral 36052M507004360000FL)

SOLICITANTE: Ramón Iglesias Rodríguez

TÉCNICO: Adolfo Viéitez Vázquez e Ramón Vieites Castiñeiras. Arquitectos colexiados número 3.434/3.091 COAG.

Informe técnico que se emite en continuidade de tramitación do presente expediente.

1. NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa e entrada en vigor o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (En adiante LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (En adiante RLSG)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana

2. ANTECEDENTES:

- 1.- Remítese aos do expediente administrativo.
- 2.- O 15.06.2023 emítese informe técnico requirindo a emenda de aspectos relacionados coa solicitude de licenza de obra, notificándose aos interesados.
- 3.- Con rexistro de entrada 2023-E-RE-1103 do 09.09.2023 preséntase nova documentación por parte do técnico redactor en representación da solicitante, co fin de emendar as deficiencias requiridas, que substitúe e anula o anteproxecto presentado anteriormente. Recíbese posteriormente con 2023-E-RE-1106 do 11.09.2023 novo plano 04 de proposta esquema construtivo que substitúe e anula o presentado e incorporado en proxecto básico achegado.

3. INFORME:

3.1. Aspectos requiridos a emendar:

Analízase a continuación a presentación da documentación requirida:

- 1.- A presente solicitude de licenza de obras debe vir acompañada do correspondente proxecto técnico completo, co contido mínimo que se esixe regulamentariamente: proxecto, cando menos, en calidade de "proxecto básico" de conformidade co establecido no artigo 143.3 LSG e anexo I da parte I do CTE, co contido mínimo establecido no anexo I do CTE e art. 355 do RLSG.

Acompañan novo documento técnico en calidade de proxecto básico, con denominación "PROXECTO BÁSICO PARA INSTALACION DE ASCENSOR EN VIVIENDA UNIFAMILIAR" asinado en agosto de 2023, polos arquitectos D. Adolfo Viéitez Vázquez e Ramón Vieites Castiñeiras. Arquitectos colexiados número 3.434/3.091 COAG. (Proxecto básico, non obrigatoriedade de visado en virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 05 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio).

- 2.- Xustificación normativa técnica aplicable: CTE-DB-SI, e afección condicións habitabilidade da vivenda (NHV-2010) tras a instalación proxectada.

Incorpora e xustifica en apartado 3.2 de proxecto normativa en materia de protección contra incendios CTE DB SI e apartado 4.2 normativa en materia de habitabilidade de aplicación.

3.- *As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos. (Art. 353.2.i) RLSG): A parcela atópase na zona de protección da estrada EP-6514 de titularidade provincial, polo que en virtude do artigo 47 Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, resulta necesario previa autorización por parte do organismo titular da vía, respecto das obras a executar.*

Acompaña autorización por parte do organismo sectorial afectado, de acordo ao informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais en data 27.06.2023 en expediente número 2023043306.

Análise contido proxecto:

- *Procédese a continuación, a análise do contido do proxecto, en relación co establecido no art. 353.2 do RLSG:*

1	<i>Datos identificativos do solicitante</i>	<i>Ramón Iglesias Rodríguez</i>
2	<i>Descrición suficiente das características do acto (aspectos básicos), localización, edificación afectada, referencia catastral.</i>	<i>Incorpora.</i>
3	<i>Xustificante do pagamento dos tributos municipais</i>	<u><i>Non acompaña</i></u>
4	<i>Proxecto competo coa seguinte forma e contido: - Xustificación técnica das solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable (art.6.3.a) RD 314/2006, 17 de marzo, polo que se aproba o CTE e o seu Anexo I. Contido do proxecto) - Memoria urbanística - Xustificación do establecido no artigo 216 RLSG (normas de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe; art. 91 LSG) - Planos de proxecto</i>	<i>Incorpora.</i> <i>Xustificación urbanística de acordo co novo planeamento en vigor.</i> <i>Intervención non afecta ao exterior.</i> <i>Deben constar cando menos os seguintes:</i> <i>- En caso de obras de rehabilitación incluíranse planos do edificio antes da intervención. Non é o caso.</i> <i>- Plano de situación: referido ao planeamento vixente, con referencia a puntos localizables e con indicación do norte xeográfico. Consta.</i> <i>- Plano de emprazamento:</i>

	- Memoria xustificativa cumprimento previsións normativa sectorial (de ser o caso) b) Xustificación técnica relativa á actividade	Xustificación urbanística, aliñacións, recuados, etc. Consta. - Plano de urbanización: Rede viaria, acometidas, etc. Non aplicable. - Plantas xerais: Consta. - Alzados e seccións: Consta. Non é o caso. Non é o caso.
5	<u>Oficio dirección das obras</u>	Non acompaña.
6	Autorización ou declaración ambiental de ser o caso	Non é o caso.
7	Copia das autorizacións/informes sectoriais legalmente esixibles, de ser o caso	Zona protección estrada provincial EP-6514. Acompaña autorización.
8	Xustificación da normativa accesibilidade (art.39 Lei 10/2014, 3 decembro, accesibilidade).	Vivenda unifamiliar. Xustifica apartado 4.1 proxecto.
9	<u>Seguridade e saúde (art. 4 e 17 RD 1627/1997, de 24 de outubro)</u>	Non consta.
10	Xestión de residuos (art. 4 RD 105/2008, 1 febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición).	Xustifica apartado 4.4 proxecto.
11	Xustificación normativa habitabilidade (art. 5 Decreto 29/2010, 4 marzo, normas de habitabilidade das vivendas de Galicia)	Vivenda unifamiliar. Xustifica apartado 4.2 proxecto.

2.3. Obras proxectadas:

As obras proxectadas responden a solicitude de instalación dun ascensor polo interior dunha vivenda unifamiliar existente. Tal como se recolle en apartado 1.3.3 de anteprojecto presentado: "El promotor necesita un ascensor para salvar barreras arquitectónicas existentes en su vivienda, sobre todo a nivel de escaleras. Tras realizar y aportar diversas propuestas en distintas ubicaciones, finalmente se plantea de acuerdo con el promotor la instalación del ascensor en la esquina noroeste. Se elige esta ubicación porque se requieren dos paradas y esa zona resulta accesible fácilmente desde el garaje y el desembarco en la planta baja se produce en el vestíbulo previo existente y no desvirtúa el uso ni la distribución interior.

Esta solución requiere una serie de trabajos:

- a. Demolición parcial de la fachada de la planta primera en la esquina noroeste de la vivienda.

- b. *Apertura de hueco en solera para situar el foso en la de planta sótano,*
- c. *Demolición parcial del forjado de la planta primera para construir las paredes del hueco,*
- d. *Habilitación del hueco.*
- e. *Instalación del ascensor”*

2.4. Cumprimento das previsións da normativa urbanística vixente:

A parcela onde se localiza a edificación está clasificada no planeamento municipal vixente como solo rústico de especial protección, dentro da categoría de protección de infraestruturas; regulado nos artigos 385 a 387 da normativa urbanística. De conformidade co previsto nos artigos 36.2 da LSG, e 51.2 do RLSG, no solo rústico de especial protección será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

A parcela está incluída na zona de protección da estrada EP-6514 Rellas – Escuadro de titularidade provincial, polo que resulta de aplicación a lexislación sectorial na materia (Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia), especialmente no que se refire ás delimitacións das zonas de dominio público, servidume, afección e liña límite de edificación, así como, o réxime de autorizacións por parte do Organismo titular da vía, previsto na devandita lexislación para calquera tipo de obras, instalacións ou cambios de usos. Así como as determinacións do PXOM en vigor, artigos 385 a 388 da normativa municipal. Conta con autorización por parte do administrador titular da vía, autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais do 27.06.2023, en expediente número 2023043306, cunha serie de condicionantes que se deberán observar en todo caso.

O réxime aplicable a esta clase de solo, régúlase nos artigos 385 a 387 da normativa urbanística do planeamento municipal. Neste caso, trátase da realización dunhas obras de adecuación funcional sobre unha edificación existente erixida con anterioridade a aprobación do planeamento en vigor, construción do ano 1995 segundo información telemática catastral. A edificación atópase consecuentemente en réxime de desconformidade co planeamento, por situarse na zona de protección dunha estrada, resultando de aplicación o réxime regulado nos artigos 90 LSG e 202 do planeamento en vigor: “ARTIGO 202.- OBRAS EN EDIFICACIÓN. 1. Nos edificios fora de ordenación poderán autorizarse, obras de conservación e mantemento da edificación existente así como o cambio de uso por outro permitido na ordenanza de aplicación ou tolerado no caso de actividades en funcionamento, sen máis obras que as mínimas e imprescindibles, sempre que exista renuncia expresa do solicitante de calquera incremento ao valor de expropiación ou indemnización. 2. Nos edificios desconformes co planeamento poderán autorizarse, así mesmo, obras de conservación, restauración, rehabilitación, reestruturación e parciais e circunstanciais de consolidación así como todas aquelas obras que teñan por obxecto a adaptación das condicións de edificación e uso actuais ás condicións establecidas na ordenanza correspondente de aplicación, ademais de calquera obra destinada o mantemento das condicións de habitabilidade da propia edificación, así como as de mellora, de reforma, cambios de uso por outro permitido na ordenanza de aplicación e, en casos xustificados ampliación da superficie construída, para aqueles usos permitidos ou tolerados no caso de actividades en funcionamento pola ordenanza de aplicación, respectando unicamente a súa tipoloxía orixinaria e cumprindo unicamente os

límites de volume indicados na ordenanza de aplicación. 3. Nas edificacións, construcións e instalacións en solo rústico desconformes co planeamento, poderá manterse o uso preexistente, aínda que se tratar de usos non axustados á normativa urbanística vixente. Tamén se admitirán os cambios de uso, sempre que se trate dun uso permitido nesta clase de solo, admitíndose as obras que se axusten ao réxime xurídico do solo rústico previsto nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, sen que, en ningún caso, poida agravarse a situación de incompatibilidade da edificación, construción ou instalación respecto da situación inicial”.

Neste caso as obras pretendidas, refírense a instalación dun ascensor polo interior da vivenda comunicando a planta semisoto coa planta baixa, afectando parcialmente a distribución interior e estrutural para permitir a incorporación interior desta instalación; para adecuar e mellorar as condicións de accesibilidade da vivenda existente. Non se afectan as condicións de volume, edificabilidade e ocupación da vivenda existentes, nin condicións estéticas exteriores. Resultando de obras compatibles coas determinacións urbanísticas aplicables e co réxime ao que se atopa suxeito a edificación.

CONCLUSIÓN:

Á vista da documentación presentada xunto coa análise realizado no anterior informe técnico emitido, e no que se refire ao estrito cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a Instalación dun ascensor en vivenda unifamiliar existente, sita na rúa da Igrexa 4, Rellas, Silleda - Pontevedra (Referencia catastral 36052M507004360000FL), de acordo ao Proxecto básico presentado, asinado por Adolfo Viéitez Vázquez e Ramón Vieites Castiñeiras (Arquitectos Colexiados número 3.434/3.091 COAG), coa observancia das seguintes condicións:

1. Seguirase o preceptuado na autorización sectorial outorgada por parte do titular da vía EP-6514 Rellas – Escuadro.
2. En virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 5 de agosto, é obrigado obter visado colexial do proxecto de execución da edificación, que deberá presentarse con anterioridade ao inicio das obras, este deberá incluír o correspondente Estudo de seguridade e saúde. Igualmente, con anterioridade ao inicio das obras, presentaranse os nomeamentos da dirección facultativa das mesmas e do coordinador de seguridade e saúde, visados polos colexios oficiais correspondentes.

O que se informa aos efectos oportunos.

Pontevedra, na data da sinatura dixital.

A arquitecta técnica
Verónica Chaves González”.

9.-Consta informe xurídico asinado pola Secretaria o 28 de setembro de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

No que respecta ao disposto na letra a) do precepto citado (artigo 142.2) e do artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non podemos perder de vista que os mesmos aluden única e exclusivamente aos «actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación; precisen proxecto de obras de edificación», as obras nas que concorran os requisitos citados serán as únicas para as cales, por tanto, será necesaria licenza urbanística.

En relación co anterior debe terse en conta que o artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordeación da edificación, redactado polo número un da disposición final terceira da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, detalla as obras que, para os efectos da devandita normativa; gozan da consideración de "edificación" e requiren proxecto, sinalando as que seguen:

"a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.

b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, a condición de que alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

c) Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e aqueloutras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección."

TERCEIRO.- PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses,

contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se previse o desenrolo dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da

competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA

PRIMEIRO.- Conceder a Don **RAMÓN IGLESIAS RODRÍGUEZ**, titular do Documento Nacional de Identidade 76.780.352-G, licenza urbanística para a **INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN VIVENDA UNIFAMILIAR** sita no Lg. De Igrexa nº 4, Parroquia de Rellas, Concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral A10200500NH52H0001GD), de acordo ao Proxecto básico presentado, asinado por Adolfo Viéitez Vázquez e Ramón Vieites Castiñeiras (Arquitectos colexiados número 3.434/3.091 COAG); documentación que deu lugar ó informe favorable da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, na data 17 de setembro de 2023, en relación co informe anteriormente emitido o 15 de xuño do mesmo ano.

SEGUNDO.- A licenza otórgase **deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros**, e **CONDICIONADA** ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente. Así deberá respetar as seguintes condición:

1.- Seguirase o preceptuado na autorización sectorial outorgada por parte do titular da vía EP-6514 Rellas – Escuadro.

2.- En virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 5 de agosto, é obrigado obter **visado colexial** do proxecto de execución da edificación, que deberá presentarse con **ANTERIORIDADE AO INICIO DAS OBRAS**, este deberá incluír o correspondente **Estudo de seguridade e saúde**. Igualmente, con anterioridade ao inicio das obras, presentaranse os **nomeamentos da dirección facultativa das mesmas e do coordinador de seguridade e saúde, visados** polos colexios oficiais correspondentes.

TERCEIRO.- O interesado deberá aboar as taxas e impostos correspondentes.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

Expediente 1531/2023. Aprobación facturas setembro

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación dos gastos correspondentes ás facturas que a continuación se relacionan:

Núm. Documento	Nom terceiro	Descrición	Importe
23/000096	ALUMINIOS COEGO, S. L.	REPARACIÓNS EN EDIFICIOS MUNICIPAIS	110,72
2023029	ASISTENCIA TOTAL GALICIA 2015, S. L.	3 xornadas de atención directa a mulleres vu	2.700,00
ACBMS2023-21	ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MUSICA DE SILLEDADA	PASARRUAS, MISA, CONCERTO DE MAÑA, CONCERTO D	3.200,00
CO2234433	AUSARTA CONECTA, S. L.	Cuota de comunicacións	95,93
CO2235219	AUSARTA CONECTA, S. L.	Cuota de comunicacións	162,32
2023A08.0013	AUTOCARES LAZARA, S.A.	01/08/23 Tralado de micobús Bandeira - Lousam	330,00
20230A001367	AUTOS SILLEDADA, S. L.	REPARACIÓN DE VEHÍCULOS	55,96
2023//310	BARRERAS DE SEGURIDAD S.L.	UD SUMINISTRO CAJET?N DE 60x20CMS Y REFLEXIV	40,90
1074231300355	BAYGAR, S.L.	AMORTIGUADOR PUERTA,FILTRO DE AIRE C11100,FIL	563,19
1068231102869	BAYGAR, S.L.	CEPILLO LATERAL HAKO CM 300 420MM MEZCLA PLP	174,24
Emit-41.	BORRAGEROS LÓPEZ , XESÚS	G189/2023 PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓ	2.539,90
2308600146551	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 174373 175940 M_IRADV	229,28
Emit K132266	CASTRO DONSIÓN , MARÍA DEL CARMEN	SEMANA VERDE 2023; EMPANADA VEGETAL,EMPANADA	99,84
B.23083	COESCO, S. L. U.	SERVIZO DO PROGRAMA LUDICO-EDUCATIVO DE APERT	4.168,26
282023	CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES, S. L.	SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA DIRECCIÓN FACU	15.730,00
A1731	CONTALOCAL S.L.	Renovación docminio silleda. org	30,86
06E-230101	COREGAL PARQUES E XARDINS S.L.	UD. SIEGA Y DESBROCE DE ZONA VERDE EN EL CAST	909,01
06B-230180	COREGAL PARQUES E XARDINS S.L.	MANTEMENTO PARQUES E XARDÍNS AGOSTO	4.295,50
233378	DROGA CONDE, S. A.	SUMINISTROS SERVIZO DE AUGAS	1.393,92
022023/02/151	ECOCOMPUTER, S. L.	2203000020 - ACTAIS TA-Servicio integral cont	358,57
A-20.392	EMBUTIDOS LALINENSE, S. A. T.	SUMINISTROS ASOCIACIÓN O CRUCEIRO	134,94
20230208	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.	OBRA DE SUMINISTRO E COLOCACIÓN DE PEZA ESPEC	874,23

202316	ESTUDIO ARQUILOM, S. L. P.	Honorarios por el SERVICIO DE DIRECCIÓN FACU	893,89
202318	ESTUDIO ARQUILOM, S. L. P.	Honorarios por el SERVICIO DE DIRECCIÓN FACU	392,60
FACT11191	EVENTILANDIA, S. L.	FESTA DA ESPUMA, EVENTO REALIZADO NO COLEXIO A	300,00
FACT12363	EVENTILANDIA, S. L.	HINCHABLES CAMPO DE FUTBOL XXL, DIA 7 DE XULLO	484,00
A/427	FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	MATERIAL DEPARTAMENTO DE CULTURA	242,25
A/426	FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	MATERIAL PARA XARDINERÍA	23,11
A/425	FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	MATERIAL SERVIZO DE AUGAS	274,11
A/424	FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	MATERIAL PARA LIMPEZA VIARIA	182,08
000030	FILLOY LÓPEZ , JAVIER	INSTALACIÓNS DE ELECTRICIDADE	677,60
A/152	FOTOGRAFÍA Y TIENDAS BERNABE, S.L.	MATERIAL SUMINISTRADO	214,39
P123049000581440	GAS NATURAL REDES GLP, S. A.	FACTURACIÓN GAS EDIFICIO RÚA POPNTEVEDRA	8,18
FER675	GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA, S. L.	SUB ANIMALES PROCEDENCIA DESCONOCIDA: RECOG	93,39
F231780	HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	MANO DE OBRA OFICIAL-TALLER, ----	191,47
F231906	HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	CUCHILLA " D " **,GRILLETE D. 16,5**,PASADOR	517,87
0023/3	IGLESIAS IGLESIAS YOLANDA, S. L. N. E.	PREMIO CONCURSO DE MICRORELATOS	26,50
20232	J&A ESCARIZ ABOGADOS SLP	DIRECCIÓN LETRADA CONTENCIOSO	3.388,00
20233	J&A ESCARIZ ABOGADOS SLP	REPRESENTACIÓN PROCESAL CONTENCIOSO	193,60
20234	J&A ESCARIZ ABOGADOS SLP	REPRESENTACIÓN PROCESAL EN CONTENCIOSO	363,00
20236	J&A ESCARIZ ABOGADOS SLP	REPRESENTACIÓN PROCESAL EN CONTENCIOSO	2.904,00
23/0039	JOSÉ ISIDRO BARCO CORTIZO	STREAMING E REALIZACIÓN PLENOS	1.089,00
A01	JULIETA ROMINA LÓPEZ DOVEK	COMIDA INSTITUCIONAL CO VICEPRESIDENTE DO CEN	270,00
01/23-do	MIRIAM SÁNCHEZ RODRÍGUEZ	DIRECCIÓN DE OBRA REHABILITACIÓN EDIFICACIÓN	4.507,25
14/0008989	MOSQUERA ÁLVAREZ , MARÍA SOL	SUMINISTROS VISITA INTERCAMBIOS	280,99
3123	MOSQUERA ÁLVAREZ , MARÍA SOL	SUMINISTROS INTERCAMBIOS	42,40
149	NAVICEIRO, S. L.	TRANSPORTE CONTEDORES PUNTO LIMPO	375,00
CR-536	NEUMATICOS DEZA, S. L.	MANTENIMENTO DE VEHÍCULOS	330,67
Fct 6423	NOROINSTAL, S. L.	Instalacion alumbrado fiestas	3.872,00
0354-23	NÚÑEZ FIUZA , MANUEL	PUBLICIDADE EL PERIÓDICO XUÑO	363,00

A23442	OYS FERNÁNDEZ, S. L. U.	DESPLAZAMIENTO,LIMPIEZA DE COLECTORES	556,60
555	PÉREZ FERNÁNDEZ , CRISTINA	SUMINISTROS SERVIZO DE AUGAS	121,95
529	PÉREZ FERNÁNDEZ , CRISTINA	SUMINISTROS SERVIZO DE AUGAS	267,85
10/23	PORTAS ULLOA , RAIMUNDO	PREMIO CONCURSO MICRORELATOS	53,20
12/23	PORTAS ULLOA , RAIMUNDO	MATERIAL DEPORTIVO	15,54
Emit-241	PREFABRICADOS BANDEIRA, S. L.	ARENA 0/6 DE ANF POR N/C A BANDEIRA,TM ZAHORR	2.216,81
B/8.204	RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	SUMINISTRO AUGA DESTILADA PARA PLACAS SOLARES	132,50
4003767938	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA	Carta Certificada Jd GE 51 -100 gr D1(GRANDES)	134,62
F06000R-45762	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S- A- U-	CINTA AUTOSOLD.MT/AV 9,1MX19X0,76MM NG.,LAMP.	395,48
F06000R-48805	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S- A- U-	LAMP.SODIO-AP SON PLUS 70W OVOIDE C/IGNITOR,M	802,69
A06000R-12680	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S- A- U-	ABONO MATERIAL	-387,10
2300899	SUMICONS GONZALEZ, S.L.	MATERIAL OBRAS	18,15
2300977	SUMICONS GONZALEZ, S.L.	MATERIAL OBRAS	59,70
2301039	SUMICONS GONZALEZ, S.L.	MATERIAL OBRAS	15,40
5549101577	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	361323AL0000896 3613 LALÍN NISSAN 5 / 9619FX	48,96
495C	TABOADA BLANCO , ALBERTO	SUMINISTROS SERVIZO DE AUGAS	551,31
463C	TABOADA BLANCO , ALBERTO	SUMINISTROS SERVIZO DE AUGAS	622,14
28.2023	TABOADA COEGO , LUIS MANUEL	REPARACIÓNS AVERÍAS ALUMEADO PÚBLICO	661,62
147	TALLER OTERO, S. C.	MANTEMENTO MAQUINARIA	627,40
C2300430	TOCA SALGADO, S. L.	CAMBIO CISTERNA 12 M3,LODOS DEPURADORA URBANA	5.910,12
42 9123	ULLA OIL, S. L.	COMBUSTIBLE CENTRO MÉDICO BANDEIRA	1.270,00
42 7599	ULLA OIL, S. L.	COMBUSTIBLE CENTRO MÉDICO BANDEIRA	1.360,00
SI 202325	UTE SILLEDA SOSTIBLE	SERVICIOS DE RECOGIDA Y TRANSPORTE DE RSU	32.757,09
		TOTAL	108.909,95

Expediente 1546/2023. Aprobación facturas setembro 2023. Omisión

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1, s) da Lei de Bases do Réxime Local,

O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local ven establecer baixo o epígrafe "De la omisión de la

Concello de Silleda

función interventora” un sistema que presenta elementos comúns con co establecido nos artigos 26.2.b) e 60.5 do RD 500/90, que regulan o recoñecemento extraxudicial de créditos e os sistemas de convalidación de gastos autonómico e estatal.

O punto de partida é , de acordo co apartado primeiro:

“En los supuestos en los que, con arreglo a lo dispuesto en este Reglamento, la función interventora fuera preceptiva y se hubiese omitido, no se podrá reconocer la obligación, ni tramitar el pago, ni intervenir favorablemente estas actuaciones hasta que se conozca y resuelva dicha omisión en los términos previstos en el presente artículo”

Tal é o caso das seguintes facturas, das que consta a realización do servizo por prezo axeitado a mercado:

Núm. Documento	Nom terceiro	Descrición	Importe
Emit-42	BORRAGEROS LÓPEZ , XESÚS	Servizo de atención ao público no Mosteiro de	1.743,61
FE20235102039319	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Energia Activa P1,Descuento Energ	44,06
FE20235102039318	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Energia Activa P1,Descuento Energ	207,05
FE20235102039323	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Energia Activa P1,Descuento Energ	30,44
FE20235102039320	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Energia Activa P1,Descuento Energ	194,22
FE20235102039321	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Energia Activa P1,Descuento Energ	82,76
FE20235102039322	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Energia Activa P1,Descuento Energ	47,34
A1719	CONTALOCAL S.L.	Mantenimiento informatico, contable y web en	917,88
23000451	ESTACION DE SERVICIO DE SILLED A	COMBUSTIBLE	163,01
2300439	ESTACION DE SERVICIO DE SILLED A	COMBUSTIBLE	4.660,63
MAIO 2023	HIDROELÉCTRICA DE SILLED A COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURAS ELECTRICIDADE MAIO 2023	33.598,27
F2023022084	HIDROELÉCTRICA DE SILLED A COMERCIALIZADORA, S. L.	RECIBO ELECTRICIDADE BOMBEO RÍO TOXA	126,14
F2023023166	HIDROELÉCTRICA DE SILLED A COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURA ELECTRICIDADE ETAP BANDEIRA	85,56
F2023023184	HIDROELÉCTRICA DE SILLED A COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURA ELECTRICIDADE ETAP SILLED A	119,43
F2023023333	HIDROELÉCTRICA DE SILLED A COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURA ELECTRICIDADE CLORADOR SIADOR	9,08

C2023000106	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	DEREITOS DE ENGANCHE	93,52
C233237	LIMPIEZAS FARO, S. L.	PERIODO DEL 01/08/2023 A 31/08/2023,SERVICIO	1.270,50
46371379	MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S. A.	MULTIRRIESGO VEHICULOS INDUSTRIALES,Póliza 12	357,55
C1	PARQUE 7, S. L.	POLIZA 36274422 / MATRICULA 9690-GJL POLIZA	3.351,35
C2	PARQUE 7, S. L.	POLIZA 36274882 / MATRICULA 7380-FBC POLIZA	5.064,87
1591	PARQUE 7, S. L.	Servicio Laboral	302,50
R31000713653	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	cable 350 megas	66,55
R31000709024	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986580000 solución empresa NOBA,20411054	754,47
R31000708367	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20355572 línea 10 megas,20537807 plan int	103,24
R31000708269	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986581701 solución empresa,20945352 inter	244,75
R31000708272	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986580064 solución empresa NOBA,986580064	72,60
R31000708280	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986585838 solución empresa,986585838 acceso	61,71
R31000708229	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986581028 solución empresa NOBA,986180271 d	122,84
R31000708251	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20345077 línea 10 megas,986592037 solució	237,51
R31000708278	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986585550 llamadas a fijo nacional,986585470	52,03
R31000708257	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20554793 plan internet 10GB,986592004 mam	120,26
TA73I0018015	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986	96,09
28-I3M0-057475	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - N	27,83
28-I3M0-061981	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - N	21,84
28-I3M0-000386	TELEFONICA MOVILES	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - N	799,96

	ESPAÑA S.A.		
R202318000397	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.	Amortización de P6 a P1 Guardería	160,49
			55.411,94

Visto o informe de intervención nº 75 relativo a ditas facturas e e co obxecto de evitalo enriquecemento inxusto que se produciría se dos incumprimentos do propio Concello se derivase o impago de traballos efectivamente realizados en beneficio e interese do mesmo

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Aprobar a continuidade do procedemento, nos termos do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local, procedendo ao recoñecemento das obrigas recollidas na parte expositiva.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE